



Comprensión
lectora

Comprensión lectora é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no departamento de Edicións Educativas de Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L., dirixido por **Antonio Brandi Fernández** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Ilustración: Eduardo Fuentes e Jorge Galán.

Edición: Xoán L. Bendaña, Afonso Toimil Castro, Ánxela Carril Caldelas, Ana María Sánchez Ramal, Josefa Belmonte Carmona e Amparo Tortosa Sanz.

Dirección de arte: Xosé Crespo González.

Proxecto gráfico: Estudio Pep Carrió.

Xefa de proxecto: Rosa Marín González.

Coordinación de ilustración: Carlos Aguilera Sevillano.

Xefe de desenvolvemento de proxecto: Xavier Tejeda de la Calle.

Desenvolvemento gráfico: Raúl de Andrés González e Jorge Gómez Tobar.

Dirección técnica: Ángel García Encinar.

Coordinación técnica: Ester Marín Otero, Jesús Muela Ramiro e Laura Gil de Tejada Alemany.

Confección e montaxe: Ester Marín Otero, Luis González Prieto e Hilario Simón Macías.

Corrección: Luz Cures Vázquez, Xoán L. Bendaña e Antón Palacio Sánchez.

Documentación e selección fotográfica: Mercedes Barcenilla Rodríguez

Fotografía: J. C. Muñoz; M. G. Vicente; A. G. E. FOTOSTOCK/Kord.com, Jeff Greenberg; EFE/SIPA-PRESS/Michel Ginies; FOTONONSTOP; GETTY IMAGES SALES SPAIN/Photos.com Plus; HIGHRES PRESS STOCK/AbleStock.com; I. PREYSLER; MATTON-BILD; Aquivo Santillana de Arxentina; ARQUIVO SANTILLANA

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN EDITORIAL DE PRIMARIA

Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero

Índice

Comprensión lectora

Ficha 1.	As pirámides	4
Ficha 2.	Marte, a próxima fronteira	6
Ficha 3.	Pobos indíxenas de América do Norte	8
Ficha 4.	O dinosauro máis grande	10
Ficha 5.	O porco prodixioso	12
Ficha 6.	Unha mensaxe electrónica	14
Ficha 7.	Seres fantásticos	16
Ficha 8.	Cun pau e cunha cana	18
Ficha 9.	Había unha vez nun país moi remoto	20
Ficha 10.	Quen ten razón?	22
Ficha 11.	Un lugar de lenda	24
Ficha 12.	Os inicios do cinema	26
Ficha 13.	Anuncios.	28
Ficha 14.	O meu tío Hadrián	30
Ficha 15.	O gaitero. Princesas	32

Nome _____ Data _____

As pirámides

Moitas son as teorías acerca da función das pirámides da antiga civilización exipcia e de por que se levantaron estes fantásticos monumentos. Os sarcófagos que estas construcións albergan fixeron que os arqueólogos durante moitos anos vinculasen as pirámides unicamente con ritos funerarios, pero existen outras moitas teorías. Na actualidade, case todos os expertos coinciden en que debían ter máis dunha función.



Á parte do seu emprego como lugar de repouso dalgúns faraóns, as pirámides tamén constituíron un lugar de reunión místico, relixioso ou destinado á observación astronómica. E incluso hai quen afirma que eran enormes antenas destinadas a comunicarse cos extraterrestres!

1. **Subliña no primeiro parágrafo do texto as palabras que indican o tema de que trata.**

2. **Responde a partir do contido do texto.**

- Onde se encontran as pirámides das que fala o texto?

- Cal creron os arqueólogos que era a finalidade principal destas pirámides? Por que?

- Que outras funcións poderían ter segundo as novas teorías?

3. **Resume en poucas palabras de qué fala o texto.**

4. **Escribe unha definición para estas palabras do texto. Despois comproba se se parece á do dicionario.**

- arqueólogo: _____

- faraón: _____

- sarcófago: _____

- funerario: _____

- místico: _____

5. Numera de xeito ordenado estes fragmentos e forma con eles outros parágrafos para engadir ao texto anterior.

- Unha terceira hipótese, aínda máis arriscada, presenta a posibilidade de que estes bloques se construísen cunha masa especial, fácil de traballar que, unha vez seca, resultaba moi similar á pedra calcaria.
- Outra teoría afirma que os exipcios empregaron pancas con que subían as pedras dunha bancada á outra. A dúbida que suscita esta teoría é como lograban os exipcios colocar con tanta precisión bloques de pedra tan pesados.
- Así pois, o misterio das pirámides segue aínda sen resolverse.
- Esta terceira teoría solucionaría o problema do traslado e colocación dos grandes bloques, pero o descubrimento das canteiras de onde obtiñan os perpiaños acabou coa posibilidade de que se tratase dun material artificial.
- O xeito en que se construíron estas pirámides é aínda un interrogante que os estudosos trataron de explicar de diversas formas e para o que hai varias teorías.
- Algúns defenderon a existencia de ramplas polas que milleiros de escravos exipcios subían os enormes bloques de pedra. Con todo, esta hipótese non sería válida no caso das pirámides máis grandes, porque a construción da rampla sería máis complicada ca a construción da pirámide en si.

■ Le o texto que ordenaches nesta actividade 5, subliña cal é o tema de que trata e despois di en que parágrafo se menciona.

A aparición das pirámides exipcias. As construción das pirámides exipcias.

- O tema aparece no parágrafo número _____

■ Escribe agora un título máis completo para o texto resultante de unir o da páxina anterior e o desta actividade 5.

Nome _____ Data _____


Marte, a próxima fronteira

Un dos obxectivos da carreira espacial é Marte. O cuarto planeta do Sistema Solar, coñecido como o «planeta vermello», é considerado a próxima fronteira da humanidade, xa que podería ser o seguinte lugar ao que se envíe unha misión tripulada.

A atmosfera deste planeta é irrespirable: está formada sobre todo por dióxido de carbono, que dá lugar a capas de xeo nos polos. Encóntrase ademais sometido a ventos fortes e tempestades de po e area que erosionan a superficie. Aínda que hai auga, só se encontra en pequenas cantidades en forma de xeo e de vapor, non se forman ríos nin mares na superficie e o seu aspecto é o dun vasto deserto de cor encarnada. Con todo, parece que tivo unha atmosfera diferente no pasado e, hai miles de millóns de anos puido, albergar vida, xa que, as antigas precipitacións deixaron na superficie canles e barrancos que indican que houbo ríos.

Desde hai décadas, distintas misións espaciais, con sondas e recentemente con robots todoterreo, levan intentando descubrir se nalgún momento Marte foi adecuado para a vida. Un dos últimos en chegar, o *Curiosity*, está a realizar análises da xeoloxía e dos minerais e a buscar compostos orgánicos. Este aparello non vai na procura de marcianos, senón a ver se puideron existir, e a axudar a estudar as posibilidades de atopar vida en misións futuras. Ademais, a observación sobre o planeta complétase coa tarefa das naves orbitais, como a Mars Express e Mars Odissey, que están a xirar arredor do planeta e obteñen imaxes deste.

Estas son algunhas das misións en solo marciano realizadas nas últimas cinco décadas:



1. Subliña no texto as palabras que corresponden a estes conceptos.

- Período de tempo que abarca dez anos. ► _____
- Producirse un desgaste nunha superficie. ► _____
- Dise daquilo que ten unha grande extensión. ► _____
- Dise do que é ou foi parte dun ser vivo. ► _____
- Percorrido que segue un corpo celeste arredor doutro. ► _____

2. Subliña a palabra máis importante (palabra clave) en cada parágrafo. Despois, cunha única oración di de que trata cada un.

1.º parágr.: _____

2.º parágr.: _____

3.º parágr.: _____

3. Contesta.

- Por que se considera que o planeta Marte é a «próxima fronteira da humanidade»?

- Con que outro nome é coñecido o planeta Marte e por que?

- Que medios se levan empregando para explorar Marte?

- De que informa a gráfica que acompaña o texto?

4. Analiza os datos da gráfica e responde.

- En que ano chegou o *Curiosity* a Marte? _____

- Que robot e en que década informou da posible existencia de auga? _____

- Que robot descubriu a presenza de xeo? _____

- Cales deses robots están aínda en funcionamento? _____

- Durante canto tempo traballaron o robot *Spirit* e o *Phoenix*? _____

5. Explica que importancia podería ter para o progreso da humanidade, desde o teu punto de vista, a exploración de Marte.

Nome _____ Data _____

Pobos indíxenas de América do Norte

Cando os colonos brancos chegaron a América do Norte, xa existía unha poboación nativa nos territorios que se propoñían conquistar: os indios. Pero non se trataba dunha soa cultura, senón de numerosas nacións indias, máis de cen, subdivididas en tribos. O avance dos colonos no seu afán por encontrar ouro, caza e terras virxes, vulnerou os acordos territoriais que o goberno alcanzaba coas nacións indias, polo que decidimos a poboación indíxena e confinou as diversas tribos a vivir en territorios cada vez máis reducidos. Actualmente viven nas reservas creadas polo goberno estadounidense.

Dos centos de nacións indias de América do Norte, as máis coñecidas grazas ás películas do Oeste son os apaches e os síux.

Os apaches estaban formados por un grupo de seis tribos indíxenas, situadas arredor de Novo México e Arizona: os apaches kiowa, os lipanos, os xicarillas, os mescaleiros, os chiricahuas e os apaches occidentais. Eran pobos dedicados á pesca, á caza de búfalos e á agricultura. Pero tamén foron feroces guerreiros e estiveron en continuo conflito contra os colonos. Algúns dos seus xefes, como Xerónimo e Cochise, aínda son lembrados pola súa ferocidade e pola súa habilidade estratéxica na loita por defender os seus territorios. Nos nosos días, os apaches viven en reservas dedicados ao pastoreo, á agricultura e ás actividades turísticas.



Os síux eran chamados así polos colonos brancos, se ben eles se referían a si mesmos coma os dakota, que significa ‘amigos’ ou ‘aliados’. En orixe, os dakota estaban formados por sete tribos, que se converteron en tres co paso do tempo: os sante e os dakota, pobos sedentarios que vivían da agricultura e da gandaría, e os lakota, nómades, guerreiros e cazadores de búfalos.

1. Subliña no texto e copia a palabra ou palabras que fan referencia a estas ideas.

- Persoas que se instalan en territorios fóra do seu país e se aproveitan dos seus recursos.
- Persoas que nacen nun lugar e pertencen á poboación orixinal, ao contrario dos que chegaron despois.
- Grupo de familias, con devanceiros comúns, e que viven baixo a autoridade dun xefe.
- Pobos indíxenas que habitaban América antes da conquista europea.

2. Explica brevemente de que trata o texto.

3. Contesta as preguntas seguintes.

- Que quere dicir que os pobos indíxenas de América do Norte se visen decimados? Por que ocorreu isto?

- Que pobos indíxenas son os máis coñecidos América do Norte e por que motivo?

4. Completa o esquema cos datos extraídos do texto.

SÍUX

Tribos: _____

Forma de vida: _____

Actividades: _____

APACHES

Tribos: _____

Forma de vida: _____

Actividades: _____

5. Explica o que entendes por reservas indias. Se o precisas, busca información nun dicionario ou na rede.

6. Dá a túa opinión sobre a forma de actuar dos colonos coas poboacións indíxenas.

Nome _____ Data _____

O dinosauro máis grande

Un grupo de paleontólogos anuncia o achado baixo chan arxentino da «criatura máis grande que camiñou sobre a Terra».

Os investigadores do Museo Egidio Feruglio (na Patagonia, Arxentina), presentaron restos do que consideran o maior dinosauro atopado ata agora. A partir dun fémur de 2,40 metros, calculan que o animal mediría uns 40 metros da cabeza ao rabo, uns 20 metros de alto e pesaría unhas 77 toneladas, o equivalente a 14 elefantes africanos.

O dinosauro, que aínda non foi bautizado, atopouse en Chubut entre rochas cunha antigüidade de 90 ou 100 millóns de anos. A extinción masiva dos dinosauros produciuse hai 65 millóns de anos, no período Cretáceo Superior, moito antes da aparición dos primeiros homínidos, en África, hai uns catro millóns de anos.

Un dos paleontólogos explicou nunha radio local: «É un saurópodo, que son os dinosauros cuadrúpedes de corpo voluminoso, pescozo longo e cabeza pequena».

O maior dinosauro existente ata agora o *Argentinosaurus* (tamén localizado na



Patagonia, Neuquén, 1989) conta cunha lonxitude de 38 metros e unha altura de 18. Tanto este coma o acabado de atopar alimentábanse das follas das árbores. Crese que podían devorar bosques enteiros en poucos minutos.

A estes achados súmase outro atopado nestes últimos días na mesma rexión de Neuquén: un brontosauo de pescozo longo e só 9 metros de lonxitude. «É o máis famoso dos herbívoros, o dinosauro dos Picapedra (a famosa serie animada)», contou outro dos paleontólogos. O científico engadiu que esa especie só se atopara ata agora no hemisferio norte e en África.

El País 5/2014 (Adaptación)

1. Marca que tipo de texto é o que acabas de ler e explica por que o sabes.

unha lenda

unha noticia

un conto

Este texto é _____

2. Explica o significado destas palabras do texto. Usa o dicionario se o precisas.

- fémur: _____
- paleontólogo: _____
- achado: _____

3. Contesta sobre o contido do texto.

- De que feito importante fala? _____

- Cando e onde ocorreu? _____

- De cantos dinosauros se fala en total no texto? Cal deles é o máis pequeno?

- Por que é tan importante o achado do brontosauo de Neuquén?

4. Di o texto se os dinosauros conviviron cos seres humanos? Localiza onde e explícao.

5. Localiza no texto e escribe as características principais do dinosauro máis grande.


6. Explica que importancia poderá ter, segundo a túa opinión, o achado de restos sobre dinosauros.

Nome _____ Data _____

O porco prodixioso

Teño que contarvos o «prodixio» co que convive o meu amigo Martiño desde hai un tempo. Concretamente desde que tiña oito anos.

O Martiño é un neno ao que lle gustan moito os animais. Sempre chegaba á casa con animais que atopaba nos seus paseos. E axudaba os que tiñan algún problema; así levaba gatos aos que un automóbil



lles partira unha pata e alí os tiña deica que curaban, despois poñíao en condicións de que escollesen ir a onde quixesen. Outras veces eran paxariños que se mancaran ao se golpearon contra algunha fiestra; non era nada raro que aparecese cun can abandonado, que non tiña máis enfermidade ca a que lle ocasionaran varios días sen probar bocado.

Pero o conto é que, un día en que o rapaz ía dando un dos seus paseos, mesmo de diante dos pés saíulle un porquiño a todo correr. Era pequeno, gordiño e colorado. Tiña as orellas moi dereitas, coma as dun xabaril.

Correu o Martiño detrás del, sen máis arela ca a de velo ben, e o porco parou de súpeto. Deu volta e quedou mirando para o neno. Pegou outra vez a correr e foise o rapaz detrás. De cando en vez miraba para atrás coma se quixese comprobar que o neno o ía seguindo. E así chegaron diante da casa do rapaz xusto ao tempo en que o pai saía.

–Oes, papá, de quen será este porquiño tan bonito?

–E eu que che sei? –dixo o pai–. Os porcos sempre che son de alguén, o caso é que son todos iguais...

Mentres o pai ía dicindo cousas achegábase ao porco co desexo de acariñalo.

Non lle debía gustar ao animal que o home se lle achegase, porque a cada paso que el daba, recuaba outro o porco, ata que sucedeu por primeira vez o prodixio. O quino comezou a virar de cor. Daquela quen ceou foi o home.

–Arre demo! –dixo o pai–. Nunca tal vin: un porco verde. Agora si que estou por dicir que non é de aquí. Por estes lugares non hai bechos destes.

Estaba o pai dicindo isto cando o porco pegou novamente a correr con tal velocidade que nun intre o perderon de vista.

Ao outro día pola mañá, Martiño volveu ao sitio onde atopara o quino o día anterior, e alí estaba. Deitadiño no chan coma se estivese agardando polo rapaz.

Cando o viu, ergueuse e botou a andar tras do neno coma un can. Fixo Martiño o mesmo camiño do día anterior e chegaron á casa. Entrou o neno e o marrán detrás del. E aínda non andaran máis ca uns metros polo interior da casa, o cocho comezou a volverse azul.

–Vaia! –falou o pai que acababa de ver o porco–. Agora é azul.

Nesta ocasión deixou que o pai do Martiño se lle achegase e permitiu que lle pasase a man polo lombo.

Agora xa hai un certo tempo que o porco vive na casa con Martiño e permite que calquera se lle achegue e xogue con el, pero continúa sendo prodixioso, porque cambia de cor segundo o estado de ánimo. Os da casa pouco a pouco van coñecendo o seu significado, así xa saben que, cando ten medo, se volve verde; cando se sente máis confiado ponse azul; e cando está verdadeiramente ledo e feliz, entón pónselle todo o corpo a cadros amarelos e granates.

Por suposto que na casa do Martiño se sente seguro porque todos o queren moito; en calquera outra casa, chegadas as datas do santo do neno, seguramente o converterían en chourizos, touciño salgado, xamóns curados e outros anacos destinados á mesa. Aquí non; aínda que, por outra parte, nunca se atreverían a facer con el tal cousa, porque ninguén sabe de que raza pode ser e se será comestible.

XAVIER P. DOCAMPO (Adaptación)

1. Contesta estas preguntas sen volver ler o texto. Despois comproba se as túas respostas se axeitan e subliña as oracións do texto que o confirman.

- Que relación tiña Martiño cos animais?

- Que ocorreu a primeira vez que o pai viu o porco?

- En que consiste o «prodixio» do porco de Martiño?

2. Busca no texto tres palabras distintas que se usaron para se referir ao porco e copia a oración en que aparece.

3. Explica.

- Por que, chegadas as datas do santo de Martiño noutras casas a vida do porco podía perigar?

- Arrodea o refrán que se axeita á explicación anterior.

Polo san Martiño, trompos ao camiño.

Polo san Martiño, mata o teu porquiño.

Nome _____ Data _____

De: AVE (amigos dun verán entretido)
 Para: Xavier Listo
 Asunto: Novas sobre as actividades do verán

Querido Xavier.

Agradecemosche o teu interese por saberes cales son as actividades que a nosa asociación ten previsto realizar o vindeiro mes de xullo. A este respecto, alégranos comunicarche que estamos a piques de pechar o calendario.

Aínda que faltan algunhas cousas por pechar, podemos confirmar que os luns e os mércores haberá, polas mañás, un curso de gravado e outro de xardinaría e, polas tardes, clases de natación. Os martes e xoves organizarase un curso de cociña e outro de pintura, e polas tardes xogos populares no parque de Freixedo.

Quizais, se hai demanda, se organice tamén un obradoiro de cerámica. O máis seguro é que sexa todos os venres. O 31 de maio poderase consultar o calendario definitivo na nosa web. Todas as actividades matinais serán, iso é seguro, de 11 a 13h e as vespertinas, de 6 a 8h.

Ademais, se cadra, este ano vaise organizar unha excursión ao final de xullo a algunha praia de Galicia. Aínda non temos decidido o lugar e gustaríanos que os nosos socios e seguidores nos fixesen as súas suxestións. Estudaremos todas as opcións que nos envides antes do 31 de maio, se cadra se organice unha fabulosa excursión.

Esperamos a túa proposta.

Un saúdo.

Lola Loia,
 SECRETARIA DE AMIGOS DUN VERÁN ENTRETIDO.

1. Explica.

- Quen escribiu o texto? _____
- A quen vai dirixido o texto? _____
- Como lle chegou o texto ao destinatario? _____
- Cal é a finalidade do texto? _____

2. Marca no texto seguindo o código indicado.

- De vermello, as palabras de saúdo.
- De azul, as palabras de despedida.
- De verde, as actividades.
- De amarelo, o horario das actividades.

3. Busca e copia a palabra empregada no texto para referirse a cada momento do día.

- Actividades que se realizan pola mañá. ► _____
- Actividades que se realizan pola tarde. ► _____

4. Explica.

- Que dúas actividades están sen confirmar? De que dependen?

- Con que expresións se expresa a dúbida sobre estas actividades?

- Transforma as oracións que expresan dúbida de xeito que expresen certeza.

5. Distribúe o calendario de actividades previstas por semana nun cadro.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 11 a 13 h.					
De 18 a 20 h.					

6. Imaxina e escribe a mensaxe que lle enviarías á asociación coa túa proposta para a excursión. Explica o porqué da túa suxestión.

Nome _____ Data _____

1. Antes de ler o texto, fíxate no título e nas ilustracións e explica de que cres que vai tratar. Despois leo con atención.

Seres fantásticos

En todas as épocas e culturas, o ser humano soñou coa existencia de animais de características máxicas e de aspecto sorprendente. Moitos destes seres imaxinarios aparecen nos contos e nos mitos de todos os tempos e algúns, coma os dragóns, fan que nos preguntemos se son soamente froito da imaxinación.

A *ave fénix* é unha destas criaturas máxicas. O fénix era un paxaro de corpo vermello con rabo, peteiro e garras de cor ouro. Vivía máis de cincocentos anos e, ao final dos seus días, construía un niño no que se consumía en cinzas. Das cinzas xurdía un pitiño que medraba ata se converter de novo nun fénix adulto. Ademais, esta ave podía aparecer e desaparecer á vontade. As súas bágoas tiñan a capacidade de sandar e o seu canto máxico infundía ánimo aos honrados e temor aos que non o eran.



Outro ser fantástico é o *hipogrifo*. Posuía o corpo dun cabalo e a cabeza e as ás de aguia. As patas traseiras eran de cabalo pero as dianteiras, de aguia. Os hipogrifos podían voar arredor do mundo, pois son superveloces. Gustáballes vivir en mandas e en lugares chairos e con moitos pastos, e comían tanto carne coma herba.

Tamén xurdiu da imaxinación do ser humano o misterioso *basilisco*. Nado dun ovo de galo fecundado por unha serpe e chocado por un sapo, o basilisco era un animal con corpo de galo, pescozo de serpe, ás membranosas parecidas ás do morcego e cabeza de ave. Se un ovo, agrisado e máis pequeno ca os demais, non era destruído, traía a desgraza e a morte aos habitantes da casa onde aparecía. Tratábase dun animal de costumes nocturnos que se ocultaba dos humanos; pero... pobre de quen se cruzase con el e conseguise velo!, pois abondáballe unha mirada para matar as súas vítimas e o seu alento murchaba e descompoñía canto rozaba.



2. Escribe unha definición do que se pode entender por «ser fantástico».

3. Cal dos seres mencionados che parece máis sorprendente e por que.

4. Fai un esquema cos datos máis importantes do aspecto e das calidades de cada ser mencionado no texto.

AVE FÉNIX	Aspecto:	<hr/> <hr/>
	Calidades:	<hr/> <hr/> <hr/>
HIPOGRIFO		<hr/> <hr/> <hr/>
		<hr/> <hr/> <hr/>
		<hr/> <hr/> <hr/>
BASILISCO		<hr/> <hr/> <hr/>
		<hr/> <hr/> <hr/>
		<hr/> <hr/> <hr/>

5. A partir do que sabes dos animais fantásticos do texto, escolle cando sería axeitado empregar estas expresións.

- Poñerse feito un basilisco.
 - Cando unha persoa é moi tranquila e non se enfada nunca.
 - Cando unha persoa se enfurece moitísimo porque algo non lle parece ben.
- Renacer coma a ave fénix.
 - Cando unha persoa logra superar unha situación moi difícil.
 - Cando unha persoa cambia a súa forma de comportarse cos demais.

6. Imaxina e inventa un animal fantástico: describe como é e cales son as súas calidades.

Nome _____ Data _____

Cun pau e cunha cana

Todo bruxo ou bruxa que se estime ten que ter unha vasoira. É verdade que no mercado se poden atopar vasoiras de deseños innovadores e de materiais con cores rechamantes. Pero fabricar unha propia non é complicado. Non se precisa máis ca un pau, ou unha cana, e un pouco de xeito. Así, quen queira ter unha vasoira orixinal, con pouca cousa pode conseguila, sexa para completar os accesorios dun bo bruxo, ou bruxa, ou para varrer, que para eses fins tamén será útil.

Precísase unha cana longa, unhas pólas finas (serían perfectas as das ramas de xestas ou tamén as propias follas da cana), un rolo cordel, papel de lixa e pinturas de cores.

O primeiro que haberá que facer é quitarlle ben as follas á cana, que servirá de mango para a vasoira. Para deixala ben limpa, é recomendable lixala ben, especialmente no lugar onde se vai agarrar coas mans para que non manque nin se crave algunha estela.

A continuación, téñense que xuntar en montonciños as follas de cana (ou ramas de xesta) e ir facendo con elas monllos ben ligados con anacos de cordel. Se son bastante grosos, con cinco ou seis abonda.

Despois, haberá que colocar os monllos arredor dun dos extremos da cana. Hai que os ir montando un a un e suxeitándoos á cana co cordel, atando ben forte. Unha vez todos montados, cómpre volvelos suxeitar todos xuntos para que queden ben presos ao mango e resistan as sacudidas ao usar a vasoira.

Ao remate, pódese decorar o mango con pinturas de cores; deste xeito, teremos unha vasoira persoal e única. E logo, se se sabe dalgunha boa fórmula máxica para facer que a vasoira voe, poñela en práctica. Pero iso xa é algo reservado para os grandes magos.



1. Completa co máis axeitado de cada caso.

narra explica describe

usa elabora reconece

Este texto _____ como se _____ unha vasoira.

2. O texto propón, con certo humor, un uso da vasoira que non é real, ¿cal?

3. Une cada palabra co seu significado.

1. monllo

s. m. Conxunto de cousas que se poden coller coa man.

s. f. Arbusto bravo con moitas pólas delgadas, follas pequenas e flores amarelas.

2. cana

3. xesta

s. f. Talo oco, resistente e con nós dun tipo de planta alta e con follas anchas.

s. f. Anaco pequeno de desprendido da madeira.

4. estela

4. Sen volver ler o texto, intenta lembrar todos os materiais que cómpren para facer unha vasoira persoal e anótaos.

5. Subliña no texto as palabras que marcan o inicio de cada paso para elaborar a vasoira e cópiaas.

6. Enumera de forma resumida os pasos para elaborar a vasoira.

1.º

2.º

7. Que dúas precaucións se deben ter en conta ao fabricar a vasoira? Explica.

8. Pensa nalgún obxecto sinxelo que poderías facer cunha cana (unha fruta, un marco de fotos...). Explica en poucos pasos como o farías.

Nome _____ Data _____

Había unha vez nun país moi remoto

Había unha vez nun país remoto
 unha princesiña que tiña unha moto
 e era moi linda
 e corría ben
 a moto que tiña
 e que aínda ten.

Gozaba soamente a moza princesa
 montando na moto, correndo as devesas
 e mozo non tiña
 e era casadeira
 e o rei non quería
 que fose solteira.

Buscáronlle noivos por todos os reinos
 e alí aparecían os homes a centos;
 pero era un fracaso,
 montada na moto
 non facía caso
 a ningún dos mozos.

Palabras da nai non eran oídas,
 consellos do pai no ar se perdían.

–A min só me gustan
 –dicía a princesa–
 as motos e os coches
 e as motocicletas.



Pero un certo día veu un pretendente
 que aos outros galáns era diferente,
 non tiña beleza,
 riqueza tampouco,
 nin príncipe era,
 nin era bo mozo.

–Princesa garrida, eu corrín nun carro
 por rotas varridas de amorres bizardos.
 Parra ti trres rosas
 regalo nun ramo
 con elas agorra
 o amorr te declarro.

Namais escoitalo, a arisca princesa
 baixouse da moto e fixo promesa.

–Heime namorar
 deste raro mozo
 que ten no falar
 sotaque de moto.

ANTÓN CORTIZAS (Adaptación)

1. Demostra que entendiches o poema e contesta sen revisares o texto.

- De quen fala o poema e que é o que máis lle gusta?

- Que preocupaba aos pais da princesa?

- De quen se namorou a princesa ao final?

2. Localiza no poema palabras sinónimas de cada unha destas e escríbea.

- afastado ▶ _____
- mozo ▶ _____
- esquiva ▶ _____
- beldade ▶ _____
- xentil ▶ _____
- estraño ▶ _____

3. A palabra «sotaque» é portuguesa e quere dicir «acento»; localiza as palabras en que se mostra a forma de falar do mozo e explica en que consiste.

- Conta que efecto lle produce á princesa.

4. Dá a túa opinión.

- Como che parece a princesa do poema: decidida, insegura...?

- Que che parece o poema: aburrido, divertido...?

5. Inventa outro título que reflicta o tema do poema.

6. Conta a historia do poema narrándoo coma se se tratase dun conto:

Nome _____ Data _____

Quen ten razón?



Había unha vez un elefantiño moi novo e unha lebre grandona e robusta que eran moi amigos. Un día, a lebre preguntoulle ao elefantiño quen era, segundo el, o máis grande dos dous.

–Estaste a rir de min ou que? –respondeu o elefantiño mirando con desdén para a lebre–. Pero... se ti, cando te pos de pé, non me dás chegado nin a altura dos xeonllos! Eu, en cambio, son máis alto ca os arbustos e coa trompa podo chegar ás pólas das árbores.

–Como te atreves a dicir iso? Eu son a máis grande! –dixo con decisión a lebre–. E voucho demostrar. Mira, imos ir á aldea onde viven os humanos e veremos o que eles opinan. Os humanos son máis doutos ca nós e poderán resolver a nosa discusión.

Tan axiña como se aproximaron á aldea, un grupiño de persoas que estaba parada diante dunha casa viron a orixinal parella e comentaron en voz alta:

–Ei, ollade! Unha cría de elefante! Que pequerrecha!

–Vaites! E vai a carón cunha lebre ben grande, que boas patas ten!

–Certo, nunca vira unha lebre tan grande! Fixádedos como alza a cabeza.

A lebre considerou que o elefante xa oíra o suficiente e non cumprían máis razóns. Daquela, dixo satisfeita:

–Oíchelos, non si? Ti es pequeno e eu son grande. Así que eu tiña razón.



O elefantiño non soubo o que dicir. A el, continuáballe parecendo que a súa amiga era máis pequena ca el... Pero acababa de demostrarlle o contrario e suspirou resignado.

1. Copia as palabras que aparecen subliñadas no texto e escribe un sinónimo de cada unha. Se o precisas, usa o dicionario.

_____ ▶ _____

_____ ▶ _____

_____ ▶ _____

_____ ▶ _____

_____ ▶ _____

_____ ▶ _____

2. Contesta.

- Que discusión tiñan o elefantiño e a lebre?

- Que posición defende cada un?

- Cal intentaba convencer o outro? Deuno feito?

3. Anota as explicacións que expoñen cada un dos personaxes para asegurar que el é o máis grande dos dous.

O ELEFANTIÑO

A LEBRE

4. Marca V, verdadeiro, ou F, falso, nestas afirmacións e xustifica a túa elección.

- Unha cría de elefante é máis pequena ca un elefante adulto.

É *porque*

- Calquera elefante mide sempre máis ca calquera lebre.

- A xente da aldea dixo que a lebre era máis grande ca o elefante.

5. A verdade é que a lebre fixo unha pequena trampa; coa axuda das reflexións anteriores explica en que consistiu.

Nome _____ Data _____

O viaxeiro incansable: Un lugar de lenda

http://oviaxeiroincansable.blogspot.com.es

O blog de Brais

VENRES, 23 DE ABRIL DE 2014

Un lugar de lenda

Continuamos a nosa viaxe por Gran Bretaña. Hoxe chegamos á vella Escocia. Unha das paraxes máis sorprendentes é o lago Ness, onde disque vive o famoso monstro.

Aquí todo o mundo che fala dese monstro con familiaridade, coma se o visen cos seus propios ollos. Mesmo lle puxeron un diminutivo afectuoso: Nessie. Circulan varias versións sobre o aspecto que ten o bicho, pero a que se fixo máis famosa é a que sostén que se trata dun dinosauro acuático, de corpo voluminoso e pescozo longo.

A dona dunha tenda de comestibles explicounos que a lenda do monstro do lago Ness se remonta a hai uns 1.500 anos. Durante séculos, seica se achegaba á beira e devoraba cabezas de gando enteiros e, non cómpre dicilo, tamén persoas (neste punto a tendeira puxo unha voz misteriosa para que imaxinásemos a gorxa aberta do terrible monstro).

Con todo, no último século semella que o feroz monstro está tranquilo e que deixou de ser carnívoro. Coa multitude de turistas que pasan horas pola beira do lago ou en barca esperando a que apareza, Nessie podería encherse a base de carne humana só con dar unha voltiña rápida pola superficie.

As aldeas máis próximas ao lago Ness viven á conta da fama do monstro. Por todos os sitios vemos tendas de regalos onde venden toda clase de obxectos relacionados co misterioso Nessie. Quizais por iso ninguén queira oír falar de que o monstro non existe.

A próxima semana falareivos doutra ruta. Veremos qué novos lugares e lendas descubrimos!



COMENTARIOS (2)

O MEU PERFIL
BRAIS PALMOU



[Ver o meu perfil completo](#)

ARQUIVO

2014

- xaneiro (4)
- febreiro (3)
- marzo (1)
- **abril (6)**

LIGAZÓNS

www.viaxeaventura.es

www.lendasdomundo.es

www.uxiapenas.blogspot.com

www.alberterei.blogspot.com

1. Escolle as palabras axeitadas e completa.

blog libro lago monstro viaxe lenda

Este texto forma parte dun _____ e fala dunha _____
ao _____ Ness.

2. Responde.

- Quen escribiu o texto? _____
- Onde está o Lago Ness? _____
- Por que é famoso ese lugar? _____

3. Marca no texto onde tes que premer para cada cousa. Utiliza o código de cores das parénteses.

- Saber algo máis de Brais (amarelo)
- Expresar a túa opinión sobre o texto (rosa)
- Ler outro escrito de Brais. (azul)
- Ir a outras páxinas relacionadas (verde)

4. Anota o que aprendiches ao ler este texto sobre o monstro do lago Ness.

5. Interésalles aos habitantes da zona manter a lenda? Explica por que.

6. Sinala cun subliñado no texto algún comentario humorístico que fai Brais.

7. Escribe un breve comentario para incluílo no apartado correspondente do blog (Podes darlle unha opinión a Brais sobre o texto, facerlle algunha pregunta...)

Nome _____ Data _____

Os inicios do cinema

Antes do cine, existían dúas máquinas para proxectar imaxes sen movemento: no século XVI, a cámara escura e, no XVII, a lanterna máxica. Mais as orixes do cine non se deron ata que, a finais do século XIX, apareceron dúas invencións de Thomas Alva Edison: o *cinetógrafo*, que permitía proxectar imaxes, e o *cinetoscopio*, que permitía ver as distintas fases dun movemento de forma individual. Edison preferiu este último, e non advertiu as posibilidades económicas de proxectar as imaxes nunha pantalla.

En 1894, dous irmáns, Louis e Auguste Lumière, perfeccionaron a técnica creando o *cinematógrafo*. Un ano despois, no soto dun café de París, estrearon a primeira película comercial: tratábase dunha breve gravación duns obreiros ao saíren dunha fábrica. Foi un éxito radical e o cinematógrafo estendeuse a máis países europeos.

A industria do cine xurdiu con forza en Europa a principios do século XX. En Estados Unidos, pese a que Edison impedía legalmente a entrada do cine alegando que o cinematógrafo era unha copia do seu invento, filmouse en 1903 a primeira película con argumento (*Vida dun bombeiro americano*).



A Primeira Guerra Mundial (1914-1918) supuxo un estancamento do cine en Europa, en tanto que o desenvolvemento en Estados Unidos continuou, e orixinou o «*star system*», un sistema consistente no lanzamento de grandes estrelas, entre as que destacaban Charles Chaplin (célebre grazas ao personaxe de Charlot) e Mary Pickford, auténticos ídolos de masas.

No cine clásico producíronse dous grandes cambios. O primeiro foi a irrupción do cine sonoro, introducido pola produtora Warner en 1927 con *O cantor de jazz*. Pouco despois, as demais produtoras, que non creran no novo invento, empezaron a facer películas sonoras. O segundo gran cambio foi a introdución da cor, entre 1922 e 1941 coa evolución do sistema Technicolor. Máis tarde, a visión panorámica que proporcionaba o sistema Cinemascope, xurdido en 1953, facilitou a creación das grandes producións históricas.

1. Explica o que queren dicir estes enunciados. Usa o dicionario se precisas aclarar o significado dalgunha das palabras.

- éxito radical: _____

- ídolos de masas: _____

- visión panorámica: _____

- producións históricas: _____

2. Contesta as preguntas seguintes.

- Que dous antigos inventos proxectaban imaxes en movemento?

- Con que argumento quería Edison impedir a entrada do cine en Estados Unidos?

- Que feito produciu un estancamento da industria cinematográfica europea?

- A que se lle chamaba «*star system*»?

- Que dous grandes cambios técnicos transformaron o cine?

3. Completa o cadro cos datos máis significativos de cada período.

HISTORIA DO CINE		
PRIMEIROS INVENTOS	INDUSTRIA DO CINE	CAMBIOS TÉCNICOS
S. XVI e XVII: _____ _____ _____	1902: _____ _____ _____	1927: _____ _____ _____
S. XIX: _____ _____ _____	1903: _____ _____ _____	1922-41: _____ _____ _____
1894-95: _____ _____ _____	1904: _____ _____ _____	1953: _____ _____ _____

4. Busca información e explica como funcionaba a lanterna máxica.

Nome _____ Data _____

A

Grandes descontos en

Almacéns
Rúa da Estrela n.º4. Vilavella

Con motivo da renovación e reapertura do noso establecemento, esta fin de semana tiramos os prezos pola ventá. Os descontos máis grandes xamais vistos en todos os produtos de primeira marca.

Non o esquezas... en **SOLIÑO**
TES DE TODO E DO MELLORCIÑO


Ven... e trae contigo a familia, os amigos ou os veciños. E se non podes vir, non te preocupes, na nosa web tamén te atendemos encantados.

Consulta o catálogo de produtos en www.almasoliño.com

SOLIÑO

50% 40% 30%

ESPECIALISTAS EN ROUPA E MATERIAL DEPORTIVO DESDE 1995



B

ABROCHA O CINTO...



ABRÁZATE Á VIDA.

O uso do cinto de seguridade é obrigatorio para todos os usuarios dun vehículo en calquera traxecto: curto ou longo, urbano ou interurbano. En caso de accidente protexe de saír despedido do vehículo así como de impactar contra o parabrisas, polo que reduce o risco de morte.

C

MEXILLÓN DE GALICIA



unha xoia das nosas rías

O mexillón é un alimento con moitas vitaminas e con nutrientes moi beneficiosos para o noso organismo.

Todo un luxo de sabor

1. Le estas afirmacións e marca coa que estás de acordo.

- Os textos A e C son anuncios, o texto B é unha noticia sobre seguridade viaria.
- Só o texto A é un anuncio, os textos B e C son noticias.
- Todos estes textos son anuncios.

2. Explica cal é a intención de cada un dos textos.

TEXTO A: _____

TEXTO B: _____

TEXTO C: _____

3. Busca nos textos anteriores un exemplo de cada recurso, sublíñao e cópiao.

- Unha esaxeración (ou hipérbole)

- Un xogo de palabras

- Unha metáfora (ou identificación dun elemento con outro diferente)

- Unhas frases rimadas

4. Copia a frase de cada anuncio que funciona como slogan para atraer a atención.

5. Elabora un anuncio diferente para o texto B ou C.

- Inventa unha frase que chame a atención do lector.
- Acompaña cun debuxo ou unha foto que che pareza atractiva.

Nome _____ Data _____


O meu tío Hadrián

O tío Hadrián ten vinte e oito anos e é o irmán máis novo de miña nai. É bastante forte ou polo menos a min parécemo, xa que é capaz de levantarnos a min e mais a meu irmán Brais cunha soa man.

Leva o pelo curto e teno algo rizado, pero vin fotos vellas no álbum nas que o levaba longo e parecía un león. Os seus ollos son claros, e todo o mundo di que se parecen aos meus, sobre todo cando ri. Daquela aos dous se nos poñen os ollos como de chineses.

O meu tío é alegre e moi divertido. Gústalle practicar moitos deportes diferentes, pero o que se lle dá mellor é o fútbol. Todas as semanas xoga un partido; nalgunha ocasión déixame ir con el e nos partidos importantes imos toda a familia a velo e a animalo desde as bancadas. Tamén lle gusta moito a música e sabe tocar a guitarra, aínda que cando canta desafina o seu. Sempre está rodeado de xente porque é una persoa moi simpática.

O meu tío ten un can que se chama Feroz, pero que en realidade é un cadelíño é moi pachorrento. Cando vén á casa de visita, Feroz e mais eu pasamos moito tempo xogando no xardín.



1. Escolle o máis axeitado.

- Este texto explica qué deportes practica o tío Hadrián.
- Este texto conta o que lle gusta facer ao tío Hadrián no tempo libre.
- Este texto describe como é o tío Hadrián.

2. Subliña de cada cor as palabras do texto que indican os seguintes trazos na descrición de Hadrián.

Trazos do seu físico (de azul)

Trazos do seu carácter (de vermello)

3. Completa agora a ficha cos datos que marcaches.

O pelo: _____

Os ollos: _____

O seu carácter: _____

As súas afeccións: _____

4. Anota tres datos máis que se dan no texto sobre o tío Hadrián.

5. Inventa e engade outro trazo máis sobre o físico e sobre o carácter do tío Hadrián.

Trazo físico:

Trazo de carácter:

6. Expresa estas frases do texto doutro xeito.

- «aos dous se nos poñen ollos como de chineses»

- «levaba pelo longo e parecía un león»

- «cando canta desafina o seu»

- «en realidade o cadelíño é moi pachorrento»

7. Escribe a descrición do membro da túa familia que prefiras e inclúe nela:

- Trazos físicos: estatura, complexión, ollos, nariz, boca, cabelos, cor de pelo...
- Trazos de carácter: forma de ser, gustos e afeccións, manías...
- Outras peculiaridades que destacan: forma de vestir, de camiñar, ton de voz...
- As túas propias opinións sobre esta persoa.

Redacta de forma ordenada e sen mesturar os trazos físicos cos de carácter nun mesmo parágrafo.

Nome _____ Data _____

O gaiteiro

Dendes do Lérez lixeiro
 ás veighas que o Miño esmalta,
 non houbo no mundo enteiro
 máis arrogante ghaiteiro
 ca o ghaiteiro de Penalta*.

Sempre retorcendo o bozo*,
 erghida sempre a cabeza,
 daba de miralo ghozo.
 Era un mociño... ¡que mozo!
 Era unha peza... ¡que peza! [...]



Xentil, aposto, arrogante,
 en cada nota o ghaiteiro
 ceibaba un limpo diamante,
 que logho no redobran
 puía o tamborileiro.

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ
 (Adaptación)

*Penalta: lugar de Celanova
 *bozo: bigote de mozo.


Princesas

A prinsesa Dumbría érguese á mañansiña
 para recoller cores nunha sestiña.

A prinsesa Dumbría ao naser o día
 pinta colorete no cristal da ría.

Pinta colorete,
 pon un longo manto
 de néboas...,
 de millos...,
 verdes...
 asulados...

XOÁN BABARRO (Adaptación)



1. Le a información destes
 cadros e despois arrodea
 nos poemas anteriores
 as palabras con seseo (de azul)
 e as palabras con gheada
 (de amarelo).

Seseo: Pronuncia do son Z (en za, ce, ci, zo, zu) co son S.
 É habitual na fala dalgunhas zonas de Galicia.

Gheada: Pronuncia do son G (en ga, gue, gui, go, gu)
 dunha maneira aspirada algo parecida ao J castelán.
 É habitual na fala dalgunhas zonas de Galicia.

Agora completa cos exemplos que marcaches.

• No poema _____ teñen seseo estas palabras:

• No poema _____ teñen gheada estas palabras:

2. Escribe agora sen gheada e sen seseo as palabras anteriores

ghaiteiro ▶ _____ _____ ▶ _____

3. Le a información do seguinte cadro, despois volve ler o poema «Princesas» e explica respondendo as preguntas.

Dumbría: concello da provincia da Coruña, pertencente á comarca de Fisterra na costa da Morte.

- Que personificación emprega o poeta para falar de Dumbría?

- Como imaxinas a paisaxe de Dumbría a partir do que di o poeta?

- Paréceche orixinal a forma de describir Dumbría que se fai no poema? Por que?

4. Volve ler o poema «O gaiteiro» e responde as preguntas seguintes.

- Como describe o gaiteiro? Paréceche unha descrición positiva ou negativa?

- A que cres que se quere referir o poeta con estas palabras?

«o Lérez lixeiro»

«veighas que
o Miño esmalta»

«ceibaba un limpo
diamante»

5. Copia as palabras que riman entre si nunha das estrofas do poema «O gaiteiro».

